

Cambados, cidade europea do Viño 2017

EXPOSICIÓN "O SENTIMENTO, A LUZ E A COR", DE MANUEL GONZÁLEZ. FUSIÓN ENTRE ARTE E AVOGACÍA

O despacho de avogados GÜIMIL Y ANDIÓN (da firma de ABOGADOS FGA, con sede en Vilagarcía de Arousa e Vigo), conxuntamente co Concello de Cambados, inaugura, o 7 de abril de 2017, ás 20:00 horas, na Sala EXPO-SALNÉS de Cambados, unha exposición coa obra do pintor MANUEL GONZÁLEZ, baixo o título "**O sentimento, a luz e a cor**", que irá acompañada dun ágape, no que colabora a empresa de marmeladas gourmet, "LA MARIQUITA DE AZUCAR".

As artes plásticas estanse a converter no eixo central da vida cultural e en ABOGADOS FGA queren ser pioneiros, como despacho profesional que aposte pola divulgación do patrimonio artístico, disipando así o límite entre galería e oficina, nunha especie de fusión entre arte e avogacía.

É indubidable que o dereito, como conxunto de normas que regulan a convivencia en sociedade, incide tamén sobre a creación artística propriamente dita e, así mesmo, sobre a transmisión e goce das obras de arte.

Trátase dun modelo colaborativo no cal se aúnan intereses comúns de dous campos sociais aparentemente distantes: o da cultura visual e o do exercicio da avogacía, vinculados neste proxecto pola complicidade.

O artista autodidacta estradense presenta na mostra unha veintena de composicións pictóricas da serie "**O sentimento, a luz e a cor**", de mediano formato e coidada elaboración. Expuxo o seu traballo nas galerías de Sargadelos da Estrada e de Ourense, no Museo Paco Lareo de Vila de Cruces, no Liceo-Casino de Pontevedra, no Café-Casino de Santiago de Compostela, no Liceo de Ourense e no Palacete dás Mendoza de Pontevedra, entre outros. Tamén expuxo en Chiclana (Cádiz), en Murcia, en Baeza (Xaén), e en Barcelona.

Na mostra expositiva, MANUEL GONZÁLEZ plasma as súas sensacións más viscerais en lenzo e madeira, abrindo ao espectador o seu mundo interior, predominando o estilo costumista.

A exposición, poderá visitarse do día 7 ao 30 de abril en horario de martes a venres, 10 a 13:30h//16:30 a 19:30h, sábado 10:30 a 13:30h//16:30 a 19:30h e domingo 10 a 13:30h.